

PROXECTO DE DIRECCIÓN

2022-2026



I.E.S. DE RODEIRA - CANGAS

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO	2
1.1. Estado da situación	3
1.2. Introducción da candidatura á dirección	3
1.3. Proposta de equipo directivo	4
2. ANÁLISE DIAGNÓSTICA DO CENTRO EDUCATIVO	5
2.1. Situación xeográfica e socioeconómica	5
2.2. Situación sociolingüística	6
2.3. Instalacións do centro educativo	7
2.4. Recursos humanos e organización pedagóxica	8
2.5. Oferta educativa	9
2.6. Plans do Centro e outras actividades	10
2.7. Comunidade educativa	11
2.8. Análise DAFO	12
3. OBXECTIVOS DO PROXECTO, LIÑAS DE ACTUACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	14
4. RECURSOS E ORGANIZACIÓN DO CENTRO	29
5. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROXECTO	30

I. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

1.1. Estado da situación

O período que acabamos de pechar no IES de Rodeira (2018-2022) foi unha etapa complexa que se viu acentuada pola situación derivada da pandemia Covid, o que supuxo un enorme esforzo por parte de toda a comunidade educativa, tanto do profesorado, como das familias e do alumnado, para nos adaptar a unha situación totalmente novidosa, cambiante e chea de incertezas. Mais este proceso puxo claramente sobre a palestra que dirixir, liderar e coordinar un centro educativo é un factor chave para o desempeño profesional do conxunto do profesorado, así como para o soporte emocional, educativo e mesmo vital do alumnado. Escoller que dirección queremos supón tomar a decisión de que tipo de institución educativa desexamos.

Despois dun proceso de reflexión, reunímonos un equipo de compañeiros co obxecto de presentar a candidatura que encabezo, a partir dunha deliberación e debate que nos permitiu demarcar as fortalezas e debilidades que detectamos na nosa organización, así como os obxectivos que pretendemos lograr nos próximos catro anos e o procedemento para acadalos. Considero que o equipo que me acompaña nesta candidatura representa os valores que precisamos para o IES de Rodeira: empatía, escoita activa, cooperación, organización, coñecemento do centro, dinamización, capacidade de traballo, adaptación aos cambios e ganas e ilusión en iniciar novos proxectos. Ademais, todos nós temos a crenza absoluta no papel que a educación, en xeral, e o IES de Rodeira, en particular, debe ter como servizo público que logre a formación integral de todo o alumnado, desde a perspectiva da igualdade, a inclusión e a atención da diversidade, a normalización da nosa lingua e cultura, a recuperación da memoria histórica e a promoción da non violencia e a paz para a resolución dos conflitos, erradicando todo tipo de discriminación e violencia e a defensa da diversidade, o respecto mutuo e a resolución non violenta dos conflitos.

En todo caso, este proxecto pretende ser un punto de partida sempre aberto para a súa revisión e enriquecemento froito da reflexión e investigación colectiva. Correspondéndose así co modelo de dirección e de centro que queremos impulsar: receptivo coas propostas, respectuoso coas discrepancias, que fomente a participación de toda a comunidade educativa, cunha xestión transparente e unha visión globalizadora para a procura da calidade e a equidade no noso ámbito.

1.2. Introducción da candidatura á dirección

O procedemento normativo fundaméntase na presentación da miña candidatura á dirección do IES de Rodeira, consonte a *Orde do 25 de marzo de 2022 pola que se convoca concurso de méritos*

para a selección e o nomeamento da dirección dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 4-4-22). No entanto, como xa explicamos, esta candidatura non é illada, senón construída arredor dun equipo que participou desde o primeiro momento na súa elaboración e redacción, de forma cooperativa e colaborativa para chegar a acordos, decidindo colectivamente a diagnose do centro, os obxectivos e o plan de acción que recollemos nos puntos seguintes.

Xa a nivel persoal e profesional, teño 17 anos de antigüidade no ensino como funcionario de carreira (2004), realizando a miña actividade en diferentes centros educativos navarros e galegos até obter a miña praza definitiva no IES de Rodeira no curso 2016-17 pola especialidade de FOL. Catro anos despois, pasei a ocupar por concurso de trasalados a praza de economía no mesmo centro educativo. No tempo que levo no IES de Rodeira sempre intentei implicarme en todas as actividades propostas polos compañeiros, colaborando con novos proxectos, participando activamente nas reunións e órganos de goberno e nas actividades e grupos de formación. Durante estes anos, exercín diferentes responsabilidades como a xefatura de departamento, membro do Departamento de Orientación, titor (en ciclos e secundaria), coordinador Erasmus+, coordinador dunha liña de formación PFPP ou colaborador no grupo de traballo da Aprendizaxe Cooperativa. Ademais, fóra da actividade do instituto, fun titor-relator en cursos de formación CFR para docentes e familias e vicedirector no IES Politécnico de Vigo. Por último, conto con experiencia docente en todas as etapas educativas da secundaria (ESO, Bacharelato, FP e nos antigos PCPI), xunto aos diversos cursos de formación permanente que realizo cada ano.

1.3. Proposta de equipo directivo

A proposta de novo equipo directivo estaría formada polos seguintes membros:

- Director: D. Sérgio Alexandre Nunes Garcia, docente de economía.
- Vicedirectora: Dna. María Jesús Míguez Nóvoa, docente de matemáticas.
- Xefatura de estudos de diúrno: D. José Manuel González Calvar, docente de matemáticas.
- Xefatura de estudos de nocturno: Dna. Sonia María Nóvoa Martínez, docente de informática.
- Secretario: D. Eloi Gestido de la Torre, docente de lingua e literatura galega.

Todos nós temos ampla experiencia no ensino e, se ben isto non é en si garantía de nada, podemos afirmar que coñecemos en profundidade o centro no que estamos dispostos a asumir a dirección. Aliás, afirmamos que poremos **o noso equipo ao servizo dos órganos colexiados do centro**,

estando as nosas actuacións acorde coas decisións, liñas de acción prioritarias e proxectos que se asuman e impulsen desde o Consello Escolar e o Claustro de profesorado. Por último, considerando que queremos liderar unha dirección cuxa aposta democrática é inequívoca, estimamos necesario **promover e garantir a participación activa de toda a comunidade educativa** e, especialmente, do profesorado. Se o instituto é un proxecto colectivo, todo o equipo docente ten que ser parte activa na aplicación e desenvolvemento do mesmo. Por iso mesmo, o traballo en equipo terá un peso específico na nosa forma de orientar as tarefas que nos propomos. En resumo, se ben cada membro do equipo terá presentes as funcións e responsabilidades que lle son propias polo cargo, queremos suliñar especialmente que nesta proposta damos un grande valor ao **equipo directivo**, apostando por un funcionamento conxunto, cooperativo e colaborativo que propicie a toma de decisións baseada na empatía, a escoita activa e a adopción de acordos.

2. ANÁLISE DIAGNÓSTICA DO CENTRO EDUCATIVO

2.1. Situación xeográfica e socioeconómica

O IES Rodeira está localizado na **parroquia de Coiro** (Concello de Cangas), no corazón da comarca do Morrazo. Na actualidade é un dos tres institutos do Concello, xunto co IES Monte Carrasco (ESO) e o IES María Soliño (ESO, Bacharelato e un ciclo formativo), mais é o único que se sitúa próximo ao núcleo urbano da vila, con facilidade de acceso peonil e de transporte privado e público. Aliás, por tamaño, oferta educativa e número de alumnado, é o máis grande e relevante.

A **poboación do concello de Cangas** vén medrando paseniñamente (desde os 23.235 habitantes no 1998) alcanzando na actualidade os 26.708 habitantes¹, converténdose no 15º concello galego por poboación e o 5º da provincia por detrás de Vigo, Pontevedra, Vilagarcía de Arousa e moi próximo ao de Redondela. Por tramos de idade, podemos observar o descenso acentuado da natalidade, común a toda Galiza, tal e como podemos apreciar na seguinte táboa:

Idades	Total	0-4	5-9	10-14	15-19
Cangas	26.708	869	1.144	1.318	1.276
% s/total	100%	3,25%	4,28%	4,93%	4,77%

¹ Fonte IGE: <http://www.ige.gal> (data 18-01-2022)

O **nivel socioeconómico** do concello sitúase no tramo medio a nivel galego: a renda bruta per cápita para o 2019 era de 14.809€ en Cangas (14.422€ en Bueu, 14.582€ en Moaña), fronte os 15.863€ de media galega.

A **actividade cultural** da zona centralízase sobre todo en Cangas, vila máis importante e centro urbano ao que está vinculado a maior parte do alumnado. Conta con numerosas entidades deportivas e culturais e cun Auditorio municipal, sede do Conservatorio Profesional, cunha continua programación de todo tipo de espectáculos e representacións. Porén, se por algo destaca a nosa vila é polos triunfos deportivos (catro medallistas olímpicos nas últimas Olimpíadas) e por contar cun clube na división de honra do balonmán español. Unha boa maioría do alumnado do centro forma parte de todo tipo de clubs deportivos, competindo nas súas categorías nunha multitude de deportes e disciplinas.

O IES de Rodeira ten como zona da adscrición toda a parroquia de Coiro para a ESO (os centros adscritos son o CEIP A Rúa e o CEIP de Coiro-Castrillóns), e todo o concello para o Bacharelato. Porén, pola súa ubicación e facilidade de acceso fai que sexamos un centro receptor doutros centros non adscritos da ESO (en particular do CEIP Nazaret) e mesmo do Bacharelato doutros concellos limítrofes (nomeadamente da parroquia de Tirán en Moaña e, en menor medida, de Bueu). Xa no ámbito da FP contamos con alumnado de todo o Morrazo e, nos últimos anos, mesmo de toda a área metropolitana de Vigo e Pontevedra (Pazos de Borbén, Redondela, Poio, Vigo, O Porriño...).

2.2. Situación sociolingüística

Referente á lingua e usos lingüísticos, o castelán é principalmente a lingua de comunicación do alumnado, aínda que tamén existe unha minoría galegofalante. Polo xeral, a predisposición ao uso do galego na aula é limitada, e ofrece algunha resistencia por parte do alumnado, fundamentalmente pola inercia dos anos anteriores e pola non existencia dun sistema de inmersión lingüística na educación infantil e primaria, o que dificulta a súa expresión oral de forma fluída. Para coñecer polo miúdo os factores socioculturais, económicos e lingüísticos do centro, remitimos ao Proxecto Lingüístico de Centro, cuxas conclusións sintetizamos do xeito que segue:

1. Na vila de Cangas a lingua galega é especialmente empregada polas xeracións de maior idade, así como no ámbito familiar. A xente nova emprega moi maioritariamente o castelán.
2. O galego é a lingua de uso empregada polas institucións locais, mais tamén pola maioría de asociacións e organizacións deportivas, culturais e de lecer, se ben nas actividades para a

mocidade e rapazada soe predominar o uso do castelán. Nos bares, tendas e comercios é bastante habitual o uso do galego se esa é a lingua do cliente.

3. Os centros educativos da comarca son o contexto máis galeguizado co que entra en contacto o alumnado. Tanto nos colexios de primaria coma nos institutos hai unha actitude positiva cara á utilización do galego no ámbito educativo e cara á súa normalización en todos os eidos, sendo recibido con total normalidade polo alumnado e as súas familias. A maioría delas, encabezadas polas ANPAS, aposta por unha maior acción na promoción e uso da lingua.
4. No profesorado do centro obsérvase unha actitude positiva cara á utilización do galego no ámbito educativo e cara á súa normalización en todos os eidos. Esta boa actitude concrétese no seu uso maioritario como lingua habitual, o que garante que se cumpra o obxectivo de impartir en galego o 50% das materias. O nivel de capacitación do profesorado é bastante bo e sempre aberto a mellorar a súa competencia lingüística.
5. Para unha maioría do alumnado de secundaria o ámbito escolar é o único onde usan o galego, moitas veces só por escrito. Porén, encontramos máis dificultades no seu uso oral, incluso en situacións formais de ensino, e particularmente no ámbito informal dentro da escola onde é practicamente ausente.
6. No alumnado de adultos de maior idade é habitual a situación contraria: o galego é a lingua da súa vida cotiá no rexistro oral pero teñen dificultades na lectura e escritura en galego.

2.3. Instalacións do centro educativo

O IES de Rodeira está situado á entrada de Cangas, fronte á praia de Rodeira, no extremo suroeste da península do Morrazo. O edificio inicial, do ano 1970, quedou pequeno e as novas instalacións, de 1993, sufriron diferentes renovacións ao longo dos anos. Hoxe o centro conta con aulas, talleres, laboratorios, unha aula polivalente, dúas salas de informática, unha de música, unha de plástica, unha biblioteca, aula de convivencia, un ximnasio, unha cafetería, varias salas para recepción de pais, despachos de dirección, orientación e secretaría, así como conserxería. En canto aos espazos exteriores, dispón dun campo de fútbol e baloncesto, unha zona de lecer, un patio semicuberto e un pavillón (con uso municipal en horario vespertino e mesmo nas fins de semana). Tamén se dispón de prazas de aparcamento na fronte do instituto e un xardín con estanque mantido polo alumnado dos obradoiros de adultos.

Relativamente aos materiais e recursos, o noso centro conta con materiais de todo tipo, desde ordenadores e encerados dixitais até libros de texto, enciclopedias, así coma materiais audiovisuais. Posúe bibliografía de diversa índole co obxectivo non só de desenvolver as dinámicas educativas,

senón tamén de promover a lectura entre o alumnado, sobre todo, en lingua galega (unha gran parte dos fondos da biblioteca son en galego). Tamén cada departamento ten bibliografía específica. No que respecta ás aulas, todas dispoñen de mesas e asentos individuais, encerados convencionais ou pizarra branca, encerado dixital, proxector, mesa do profesorado con ordenador fixo ou portátil con conexión a internet, altofalantes, estantes e/ou armario para material da aula e un taboleiro de cortiza.

2.4. Recursos humanos e organización pedagóxica

O **equipo docente** está composto por 92 profesores e profesoras englobados en 21 departamentos didácticos, dos que dous terzos contan con destino definitivo no centro. Isto supón unha relativa estabilidade no cadro humano, tendo en conta ademais que a práctica totalidade non participa no CXT, debido a que a inmensa maioría reside na comarca do Morrazo. Tamén é destacábel o relativo equilibrio no tamaño dos departamentos, sen que ningún deles teña unha sobrerrepresentación no Claustro docente. Por áreas, os departamentos de FP contan con 23 docentes (25%), os de secundaria con 59 (64%), orientación educativa con 3, así como un docente de relixión católica e 6 na educación de adultos. No relativo ao **persoal non docente**, o centro educativo dispón de tres administrativos na Secretaría, tres na conserxería, e catro traballadoras do persoal de limpeza. Por último, a cafetería está en rexime de concesión e realizan o seu labor dúas persoas de forma regular.

Relativamente ás coordinacións entre profesorado e departamentos didácticos podemos considerar que é mellorable sendo manifestamente insuficientes as reunións da **Comisión de Coordinación Pedagóxica** para levar adiante proxectos, acordos ou deliberacións sobre as diversas temáticas do centro. Este órgano debería ser o cerne e o apoio fundamental da dirección para a xestión do centro, a coordinación entre departamentos e o impulso dos acordos adoptados.

É moi importante retomar a función principal do Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares para coordinar todas as actividades que se realizan no instituto, logrando sinerxias e aforrando esforzos, ademais de racionalizar e valorar as mesmas.

O IES de Rodeira leva varios anos contando cun **plan de formación permanente do profesorado (PFPP)** ao que se lle debe dar prioridade institucional e organizativa. É unha aposta do Claustro de profesorado para acadar unha mellora e perfeccionamento das competencias profesionais docentes, unha mellora da calidade educativa e dos resultados escolares do alumnado, e será unha prioridade na xestión organizativa e de liderado educativo deste equipo directivo. Isto implica a necesaria

dispoñibilidade para coordinarse entre eles, coa xefatura de estudos e coa dirección á hora de levar adiante as súas actuacións. Ademais, é fundamental que estas liñas informen aos órganos docentes sobre o realizado e efectúen propostas de mellora e de debate que nos permita avanzar como institución educativa e lograr os obxectivos propostos.

A **comisión de convivencia do Consello Escolar** é un órgano chave nun centro que conta coa participación da Comunidade Educativa. Convén revisar o plan de convivencia, adaptalo ás necesidades e demandas reais actuais, e que recolla os compromisos e os obxectivos acordados polo profesorado, familias e alumnado. O equipo de convivencia é un elemento fundamental no logro dun clima seguro e apropiado de calquera centro educativo.

Por último, convén **profundizar na transparencia da información dispoñíbel** e que se dea a coñecer nos órganos de goberno a nivel educativo (resultados por niveis, alumnado que titula ou promociona...), de convivencia (análise de situación do centro...), da contabilidade, dos proxectos realizados, plans de formación e outros equipos e grupos dinamizadores do centro. Cómpre que teñamos acceso aos principais datos que permitan establecer os nosos propios indicadores (participación, consecución de obxectivos, resultados esperados...), co obxectivo de elaborarmos plans de mellora en diferentes áreas como un elemento chave na mellora constante do noso instituto.

2.5. Oferta educativa

O IES de Rodeira ten unha amplísima oferta educativa: desde a ESO e a ESA en réxime presencial, pasando polo Bacharelato nas ramas de Ciencias e de Humanidades e Ciencias Sociais, así como diferentes especialidades de Ciclos Formativos (CB Administrativo, CM Xestión administrativa, CM Instalacións de telecomunicacións, CS Administración de sistemas informáticos en rede, todos en réxime xeral; CS Administración e finanzas, CS de Sistemas de Telecomunicacións en réxime modular; e o CS de desenvolvemento de aplicacións web en réxime de adultos a distancia), Obradoiros para adultos en horario vespertino (educación non formal) e Aula Mentor. Tamén compartimos edificio coa sección de Cangas da EOI de Vigo (inglés e francés). En resumo, contamos con 311 alumnos matriculados na ESO, 215 no Bacharelato, 242 nos ciclos formativos e 73 na educación para adultos; o que supón un total de 968 alumnos, considerándose un centro educativo de tipo B.

O horario no que o centro educativo está aberto polas súas actividades lectivas é das 8h30 até as 22h30, pechando entre as 15h00 e as 16h00 os luns, mércores e venres, e entre as 14h10 e as 16h00 os martes e xoves. Este horario de entrada e saída vén tamén condicionado polas necesidades de transporte escolar (3 liñas actualmente) dado que se coordina para realizar servizos noutros centros educativos.

2.6. Plans do Centro e outras actividades

O centro está implicado en varios **Plans Proxecta** desde hai anos. Neste 2021-22 contamos co Proxecto de Vida Activa e Deportiva, 365 días de respecto e igualdade, Proxecto Ríos, Correspondentes xuvenís e o Proxecto de innovación en dinamización lingüística. Estes programas perseguen o fomento da innovación educativa mentres se traballan e desenvolven as competencias clave e a educación en valores, sempre na perspectiva de acadar os ODS 2030. Debemos destacar especialmente o feito de posuímos o “Selo Vida Saudábel” outorgado polo Ministerio de Educación.

En referencia aos **contratos-programa** solicitados polo centro para este curso escolar e que teñen por obxectivo analizar as fortalezas e debilidades do alumnado e propoñer medidas específicas de actuación, lévanse a cabo o programa PROA+, con actuacións de reforzo nas competencias clave matemática, lingüística e en ciencias e tecnolóxica, e o programa ARCO para a mellora da convivencia escolar.

En canto ás **relacións co exterior**, o Centro participa no Programa Erasmus+, sendo posuidor da carta ECHE e da acreditación para o novo período 2021-27, tendo creado contactos con numerosos centros de Europa (Francia, Italia, Portugal, Rumanía, Malta, Alemania ou mesmo o Reino Unido), ademais de ser centro receptor de alumnado para realizar as súas prácticas profesionais en empresas da zona. É de destacar a actividade realizada polo grupo de formación da aprendizaxe cooperativa na que participa un terzo do claustro de profesorado, como un Plan de Formación Permanente de Profesorado. Xa por último, sen ser exhaustivo, non podemos esquecer o torneo de fútbol-sala que se organiza nos recreos ao longo do ano académico, así como os clubs de lectura (para adolescentes e para adultos), Teatro, Manga ou Música desenvolvidos nos tempos de recreo e nalgúns tardes e que axudan a dinamizar e vincular ao alumnado na vida do centro.

A **biblioteca do IES de Rodeira** é un núcleo fundamental das actividades lectivas e debe seguir tendo un papel predominante na vida do centro, tanto no ensino diúrno, como no nocturno. Arredor

dela deben artellarse os clubs de lectura que xa existen e outros que se poidan considerar, asumindo que a competencia lectora é chave para o logro de calquera obxectivo didáctico e educativo. Despois destes dous anos de pandemia nos que a biblioteca non puido realizar o seu labor como sería desexábel polas limitacións derivadas da Covid debemos focalizar todos os esforzos en recuperar o seu espazo físico (agora ocupada unha metade como aula), e continuar profundizando no seu papel dinamizador das competencias lectoras e lingüísticas de toda a comunidade educativa.

2.7. Comunidade educativa

A **ANPA do IES de Rodeira** conta cunha directiva moi activa e integrada nas asociacións, federacións e confederacións de ANPA da comarca e galegas. Pola contra, a participación global das familias nesta asociación e nos órganos educativos (p.ex. o Consello Escolar) é relativamente escasa dada a cantidade de alumnado que temos. Como noutros centros de secundaria, o paso do alumnado ao ensino secundario conleva unha caída non xustificada da participación na vida do centro. Polo xeral as familias soen asistir ás reunións de inicio de ano académico, mais posteriormente hai un seguimento desigual segundo os niveis educativos. Nos primeiros anos da ESO hai maior demanda ás titorías de información, consultas e reunións; pola contra, nos últimos anos da secundaria ou no bacharelato, só soen acudir cando son chamadas directamente ou se os seus fillos e fillas teñen cualificacións negativas que queren contrastar ou reclamar.

Por outra parte, relativamente ao ámbito dos **representantes de alumnado**, podemos destacar a súa participación activa a través da Xunta de Delegados, coa convocatoria de folgas e participación en diversas actividades. Recentemente podemos destacar a presenza de máis candidaturas que vacantes para a renovación do Consello Escolar, dando lugar mesmo a unha campaña electoral entre o alumnado para a elección dos representantes.

O concello de Cangas conta cun **Consello Escolar Municipal** que tivo moita actividade durante a anterior lexislatura (2015-19), onde hai un representante dos directores de centros públicos, mais neste período (2019-23) só se reuniu en tres ocasións, sempre para tratar aspectos relacionados coa pandemia Covid e a súa xestión nos centros educativos.

2.8. Análise DAFO

A partir da análise de situación anterior, e antes de proceder a determinar as liñas de actuación e mellora para este proxecto de dirección, realizaremos unha análise DAFO do centro educativo:

Factores Internos	Factores Externos
<p>Fortalezas</p> <ul style="list-style-type: none">● Bo equipamento dixital e mobiliario ben conservado.● Estabilidade e experiencia da maior parte do persoal docente e non docente.● Profesorado colaborador e receptivo.● Liña de formación PFPP en Aprendizaxes Activas moi asentada.● Equipos de dinamización da lingua galega e biblioteca estábeis e moi activos.● Localización do instituto, xunto á praia, próxima ao centro urbano e con facilidade de acceso.● Participación en varios plans proxecta.● Ampla variedade na oferta educativa do centro.● Clubes de lectura, manga, música e teatro.● Ensino non formal de adultos con oferta variada.	<p>Oportunidades</p> <ul style="list-style-type: none">● Colaboracións con entidades locais para o enriquecemento das ensinanzas e a mellora da convivencia e a inclusión.● Convocatorias, programas e certames externos que favorecen o cambio metodolóxico.● Cambios legislativos que favorezan o traballo en equipo dos docentes.● Oportunidades no concello para o ámbito educativo (equipamentos, patrimonio, literatura, flora e fauna, mancomunidades, industria do mar, deporte...).● A posibilidade de realizar o Bacharelato en tres anos compatibilizando con outros estudos.● Nova lei de FP e posibilidades de expansión da FP Dual na comarca.
<p>Debilidades</p> <ul style="list-style-type: none">● O PEC está desactualizado e non é o documento de referencia que debería ser.● Documentación institucional sen renovar ou actualizar.● Convivencia no centro mellorable.● Insuficiente equipamento para as actuais necesidades dixitais.	<p>Ameazas</p> <ul style="list-style-type: none">● Problemáticas sociais varias: desigualdade, xenofobia e discriminación.● Persistencia das desigualdades de xénero.● Mudanzas legislativas sen tempo nin previsión.● Descenso da natalidade e crise demográfica.

<ul style="list-style-type: none"> ● Renovación dunha grande parte do Claustro nos próximos anos por xubilación. ● Dificultade para expandir as instalacións do centro. ● Falta dun salón de actos. ● Limitada difusión das actividades realizadas no centro entre a comunidade educativa e o exterior. ● Poucos mecanismos áxiles de comunicación e información. ● Redución do cupo de profesorado a respecto do curso 2019-20. ● Escaso uso informal do galego entre o alumnado. ● Insuficiente persoal non docente para a ampla actividade educativa do instituto. ● Ausencia de mecanismos de autoavaliación internos para a análise e reflexión. ● Ausencia de estudos de eficiencia enerxética do centro educativo ● Baixa integración das conclusións derivadas dos grupos de PFPP nas decisións institucionais do centro. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Crise económica e carestía da vida. ● Crise medioambiental e cambio climático. ● Situación urbanística de incerteza do centro educativo pola falta de PXOM. ● Aumento das adicións e ludopatías entre a mocidade. ● Inadecuado uso das redes sociais e situacións de ciberacoso. ● Incremento de trastornos psicolóxicos entre a mocidade, empeorados pola Covid.
--	--

3. OBXECTIVOS DO PROXECTO, LIÑAS DE ACTUACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Delimitamos os obxectivos que perseguimos, estruturados nas **cinco dimensións da función directiva escolar**: definición de metas e intervencións estratéxicas; dirección, organización e funcionamento do centro; liderado pedagóxico; participación e colaboración de axentes internos e externos; e, por último, impulso da innovación, a avaliación e a xestión do cambio. Tendo en conta estas dimensións e partindo das debilidades e necesidades detectadas na diagnose do centro, formulamos os **obxectivos** do proxecto, focalizando os esforzos nas metas que máis o precisen, mantendo o que está a ser obxectivamente positivo no centro. Así mesmo, para cada obxectivo establécese o **plan de acción** coas actuacións, responsábeis, indicadores de logro e temporalizacións de cada unha.

A. DEFINICIÓN DE METAS E INTERVENCIÓNS ESTRATÉXICAS						
OBXECTIVO A.1. Actualizar o Proxecto Educativo de Centro e os plans que se deriven del.						
ACTUACIÓNS	RESPONSÁBEIS	INDICADORES	TEMPORALIZACIÓN			
			22/23	23/24	24/25	25/26
Establecemento dun cronograma de revisión, avaliación e actualización dos diferentes documentos e plans do Centro.	Equipo directivo	Cronograma coa planificación.	1ºT			
Actualización dos principios, valores, obxectivos e prioridades de actuación do PEC.	CCP Consello Escolar Claustro	Aprobación das modificacións.	2ºT			
Avaliación, revisión e actualización dos plans	Equipo Directivo	Plans revisados e aprobados.		2ºT		

derivados do PEC (Plan Xeral de Atención á Diversidade, Plan de Acción Titorial, Plan de Convivencia, Plan de Igualdade, NOFC...).	CCP; Claustro Consello Escolar Dep. Orient.				
Dáse a coñecer á Comunidade Educativa os novos plans acordados.	Equipo directivo Eq. Plan dixital	A documentación é accesíbel para toda a comunidade educativa e esta foi informada por diversos canais.		3ºT	
Avaliación da implementación dos plans aprobados.	Equipo directivo Consello Escolar Claustro	Informe de avaliación con propostas de melloras.			3ºT

OBXECTIVO A.2. Mellorar a convivencia no centro

ACTUACIÓNS	RESPONSÁBEIS	INDICADORES	TEMPORALIZACIÓN			
			22/23	23/24	24/25	25/26
Avaliación da convivencia no centro.	Comisión de Convivencia	Informe de seguimento e avaliación do plan de convivencia.	1ºT			
Potenciación da liña de formación en centros sobre a convivencia e o clima escolar, que posibilite a reflexión, o contraste e a cultura compartida de experiencias.	Equipo Directivo Eq. de formación	Un 50% do profesorado participa na liña de formación. O equipo de convivencia participa na liña de formación.	1ºT			

Elaboración e difusión de materiais, dinámicas e estruturas que faciliten a convivencia nas aulas para as titorías.	Eq. de formación Eq. Convivencia Dep. Orientación Titorías	Materiais para as sesións de titorías.	3ºT			
Revisión do PAT, do Plan de Convivencia e das NOFC.	CCP; Claustro Consello Escolar	Plans revisados e aprobados.		2ºT		
Análise da evolución no clima escolar.	Comisión de Convivencia	Informe cuantitativo e cualitativo da evolución no clima escolar.			3ºT	

OBXECTIVO A.3. Potenciar o plan de igualdade entre mulleres e homes, non discriminación e prevención da violencia de xénero

ACTUACIÓNS	RESPONSÁBEIS	INDICADORES	TEMPORALIZACIÓN			
			22/23	23/24	24/25	25/26
Avaliación do Plan de igualdade e incluír as actualizacións necesarias.	Equipo directivo Dep. Orientación Consello Escolar	Informe da avaliación.		1ºT		
Consolidación do equipo de igualdade e diversidade do centro con alumnado colaborador.	Eq. de igualdade e diversidade	Incrementátese o número de alumnado participante no equipo.		1ºT		

Revisión das NOFC no relativo ás medidas correctoras de comportamentos sexistas.	Consello Escolar	As modificacións son aprobadas.		2ºT		
Realización de actividades de promoción da igualdade e diversidade.	Eq. de igualdade e diversidade	Todo o alumnado participa nunha actividade por trimestre.			3º T	
OBXECTIVO A.4. Implementar o plan dixital de centro						
ACTUACIÓNS	RESPONSÁBEIS	INDICADORES	TEMPORALIZACIÓN			
			22/23	23/24	24/25	25/26
Constitución do Equipo de Dinamización do Plan Dixital.	Equipo directivo Eq. Plan Dixital	O equipo está constituído cunha persoa coordinadora.	1ºT			
Inicio dunha liña de formación para a mellora da competencia dixital do profesorado.	EDPD Eq. de formación	O 80% do profesorado con necesidades formativas se incorpora.	1ºT			
Adquisición e instalación do equipamento acordado.	Eq. Plan Dixital	O 100% foi instalado e está operativo.		2ºT		
Avaliación do Plan e propostas de mellora.	Eq. Plan Dixital Claustro; CCP	Avaliación e propostas.		3º T		

B. DIRECCIÓN, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

OBXECTIVO B.1. Camiñar cara a un centro educativo sustentábel, baixo os parámetros do Plan da Nova Arquitectura Pedagóxica

ACTUACIÓNS	RESPONSÁBEIS	INDICADORES	TEMPORALIZACIÓN			
			22/23	23/24	24/25	25/26
Difusión entre a comunidade educativa do Manual da Nova Arquitectura Pedagóxica	Equipo directivo	Difusión do plan.	1ºT			
Realización dunha auditoría ambiental para analizar a situación e os consumos enerxéticos do centro.	Equipo directivo Persoal non docente Empresas	Informe de auditoría.	2ºT			
Difusión da auditoría na comunidade educativa.	Consello Escolar Claustro	Actas co punto tratado.	3ºT			
Análise das deficiencias e necesidades de cada un dos espazos, tendo en conta a “Nova arquitectura pedagóxica”.	Departamentos Persoal non docente	Listado de necesidades xerais e específicas de cada espazo.		1ºT		
Reflexión sobre as necesidades reais de cada espazo en virtude da confortabilidade e da utilidade pedagóxica.	CCP	Relación consensuada de equipamento xeral e específico para cada espazo.		3ºT		

Aprobación do plan de mellora da imaxe do centro.	Consello Escolar Claustro	Plan aprobado.			2ºT	
Desenvolvemento das medidas viables.	Equipo directivo Empresa	O 50% das propostas están realizadas.				3ºT

OBXECTIVO B.2. Revisar as necesidades de material e equipamento das funcións relacionadas co Persoal de Administración e Servizos

ACTUACIÓNS	RESPONSÁBEIS	INDICADORES	TEMPORALIZACIÓN			
			22/23	23/24	24/25	25/26
Análise das deficiencias e necesidades de cada colectivo do PAS.	Equipo directivo Persoal non docente	Listado de necesidades xerais e específicas de cada colectivo.	1ºT			
Reflexión sobre as necesidades reais de cada espazo.	Equipo directivo CCP	Relación consensuada de equipamento xeral e específico para cada colectivo.	2ºT			
Adquisición do equipamento acordado e instalación nos espazos correspondentes.	Equipo directivo PND	Inventario actualizado e listaxes de cotexo do estado de cada colectivo.		1ºT		

OBXECTIVO B.3. Renovar e actualizar a documentación institucional do centro

ACTUACIÓNS	RESPONSÁBEIS	INDICADORES	TEMPORIZACIÓN			
			22/23	23/24	24/25	25/26
Inventariado da documentación de centro para profesorado, familias e alumnado.	Equipo directivo	Listado de documentación e arquivos.	1ºT			
Actualización da documentación á nova imaxe institucional da administración.	Equipo directivo	Documentación actualizada.	3ºT			
Difusión da documentación de forma accesíbel.	Eq. Plan Dixital	Documentación accesíbel desde a web e/ou aula virtual.		1ºT		

C. LIDERADO PEDAGÓXICO

OBXECTIVO C.1. Renovar a oferta educativa adaptándoa a LOMLOE e a nova Lei de FP

ACTUACIÓNS	RESPONSÁBEIS	INDICADORES	TEMPORALIZACIÓN			
			22/23	23/24	24/25	25/26
Adaptación da oferta de materias á LOMLOE.	CCP	Acordo de materias ofertadas.	2ºT			

Análise da oferta educativa do centro.	Equipo directivo CCP; Claustro	Análise da situación de matrícula nas materias nos últimos cursos.		2º T		
Difusión axeitada da oferta entre a comunidade educativa e o contorno.	EDPD	Impresos de matrícula renovados.		3º T		
Estudo da posibilidade de incrementar a oferta de FP.	Equipo directivo CCP	Proposta xustificada da nova oferta.			3º T	

OBXECTIVO C.2. Potenciar a oferta non formal de adultos

ACTUACIÓNS	RESPONSÁBEIS	INDICADORES	TEMPORALIZACIÓN			
			22/23	23/24	24/25	25/26
Análise da oferta do centro.	Equipo directivo CCP	Análise da situación de matrícula nos últimos cursos.		2º T		
Estudo da posibilidade de incrementar e/ou renovar a oferta.	Equipo directivo CCP; Claustro Consello Escolar	Proposta xustificada de nova oferta.		3º T		
Difusión da oferta entre a comunidade educativa e a contorna.	EDPD	Difusión da oferta por diferentes canais.			1º T	

OBXECTIVO C.3. Implementar a renovación pedagóxica que atenda a diversidade co uso das novas tecnoloxías e do traballo en equipo

ACTUACIÓNS	RESPONSÁBEIS	INDICADORES	TEMPORALIZACIÓN			
			22/23	23/24	24/25	25/26
Potenciación da liña de formación en centros sobre a inclusión e a atención á diversidade.	Equipo Directivo Eq. de formación	Un 50% do profesorado participa na liña de formación.	1ºT			
Elaboración e difusión de propostas e materiais de dinámicas e estruturas para os procesos de ensino-aprendizaxe.	Eq. de formación Eq. de Convivencia Dep. de Orientación Titorías	Materiais propostos para os docentes.	3ºT			
Proposta de medidas para a renovación pedagóxica.	Eq. de formación	Lista de propostas.		1ºT		
Revisión do PAT, do Plan de Convivencia e das NOFC.	CCP; Claustro Consello Escolar	Plans revisados e aprobados.		2ºT		
Implementación das novas medidas de atención á diversidade.	Equipo directivo CCP Dep. Orientación	Medidas adoptadas.			1ºT	

Avaliación e análise da mellora na atención á diversidade.	Equipo directivo CCP; Claustro	Informe de avaliación da atención á diversidade con propostas de mellora.				3ºT
--	-----------------------------------	---	--	--	--	-----

OBXECTIVO C.4. Potenciar o galego na comunidade educativa como lingua de uso habitual

ACTUACIÓNS	RESPONSÁBEIS	INDICADORES	TEMPORALIZACIÓN			
			22/23	23/24	24/25	25/26
Avaliación inicial do uso do galego na comunidade educativa.	EDLG	Enquisa para valorar o uso do galego na comunidade educativa.	1ºT			
Emprego de horas de disposición ao centro no reforzo do uso oral en galego.	EDLG CCP	Un mínimo do 50% das horas son adicadas ao reforzo.	1ºT			
Participación do alumnado nas actividades propostas polo EDLG.	EDLG; CCP Alumnado	Todo o alumnado participa nunha actividade proposta ao trimestre.		3ºT		
Concienciación da importancia de usar a lingua galega.	EDLG	Cando menos unha actividade anual de concienciación.		3ºT		
Avaliación do uso do galego na comunidade educativa.	EDLG	A porcentaxe de alumando que usa o galego en situacións informais aumenta.			3ºT	

OBXECTIVO C.5. Mellorar as competencias en linguas estranxeiras

ACTUACIÓNS	RESPONSÁBEIS	INDICADORES	TEMPORALIZACIÓN			
			22/23	23/24	24/25	25/26
Estudo para implementar seccións bilingües no centro.	CCP; Dep. linguas	Actas co punto tratado.	2ºT			
Análise da viabilidade de ampliar a oferta de linguas estranxeiras.	CCP; Dep. linguas	Actas co punto tratado	2ºT			
Constitución do Departamento de Programas Europeos (DPE+).	Equipo directivo	Constitúese o DPE+ coa persoa coordinadora.	3ºT			
Realización de intercambios escolares.	Equipo directivo Dep. linguas	Un grupo de alumnado da ESO e un de Bacharelato participan no intercambio.		2ºT		
Consolidación do programa Erasmus+.	DPE+	Participación en dúas liñas KA.			1ºT	

OBXECTIVO C.6. Potenciar a Orientación académica e profesional para toda a comunidade educativa

ACTUACIÓNS	RESPONSÁBEIS	INDICADORES	TEMPORALIZACIÓN			
			22/23	23/24	24/25	25/26
Organización de xornadas de orientación	Equipo directivo	Cando menos unha xornada realizada.			2ºT	

con antigo alumnado e/ou familiares.	Dep. Orient.; Familias				
Valoración da posibilidade de constituír unha aula de emprendemento.	CCP Dep. FP	Actas co punto tratado.			2ºT
Potenciación da orientación profesional á comunidade educativa.	Equipo directivo Dep. Orientación Departamentos FP	Constitución da atención profesional.			3ºT

D. PARTICIPACIÓN E COLABORACIÓN DE AXENTES INTERNOS E EXTERNOS

OBXECTIVO D.1. Establecer protocolos de comunicación interna e externa eficaces coa comunidade educativa

ACTUACIÓN	RESPONSÁBEIS	INDICADORES	TEMPORIZACIÓN			
			22/23	23/24	24/25	25/26
Aprobación do plan de comunicación.	EDPD Claustro; CE	Plan aprobado.		1ºT		
Posta en funcionamento das canles de comunicación acordadas.	Equipo directivo EDPD	Protocolo aprobado, lista de cotexo das canles en funcionamento e calendario de reunións.		2ºT		

OBXECTIVO D.2. Incrementar as colaboracións coa contorna

ACTUACIÓN	RESPONSÁBEIS	INDICADORES	TEMPORIZACIÓN			
			22/23	23/24	24/25	25/26
Establecemento de contactos co Concello, organizacións, empresas e asociacións locais.	Equipo directivo Coord. FCT Departamentos	Calendario de reunións con temáticas a tratar.			1ºT	
Elaboración de propostas de colaboración con cada unha das entidades nas actividades do centro.	Coord. FCT Departamentos	Listado de propostas por entidade.			3ºT	
Desenvolvemento das propostas viábeis.	Equipo directivo Coord. FCT Departamentos	O 50% das propostas están en funcionamento.				3ºT

E. IMPULSO DA INNOVACIÓN, A AVALIACIÓN E A XESTIÓN DO CAMBIO

OBXECTIVO E.1. Consolidar e estender os plans de formación permanente do profesorado

ACTUACIÓNS	RESPONSÁBEIS	INDICADORES	TEMPORIZACIÓN			
			22/23	23/24	24/25	25/26
Aumentar o número de profesorado implicado nos PFPP.	Equipo directivo Claustro	O 60% do profesorado forma parte dalgunha liña de formación.	1ºT			
Elaboración e difusión dos resultados dos grupos de formación.	Eq. formación	Resultados difundidos.	3ºT			
Propostas de medidas para o centro.	Eq. de formación	Lista de propostas.		1ºT		
Actualización dos plans de centro.	CCP; Claustro Consello Escolar	O 50% das medidas propostas son incorporadas aos plans.		3ºT		
Implementación das novas medidas de atención á diversidade.	Equipo directivo CCP Dep. Orientación	O 100% das medidas incorporadas son implementadas.			1ºT	
Avaliación e análise do funcionamento dos PFPP.	Eq. formación	Informe de avaliación e análise.			3ºT	

OBXECTIVO E.2. Impulsar as autoavaliacións do centro

ACTUACIÓN	RESPONSÁBEIS	INDICADORES	TEMPORIZACIÓN			
			22/23	23/24	24/25	25/26
Avaliación dos plans do centro.	Equipos implicados	O 70% dos plans foron autoavaliados.			3ºT	
Difusión das autoavaliacións.	CCP; Claustro Consello Escolar	O 100% dos plans avaliados foron difundidos.				1ºT
Establecemento de propostas de melloras.	Equipos implicados	O 100% dos plans avaliados xeran plans de mellora.				3ºT

4. RECURSOS E ORGANIZACIÓN DO CENTRO

Podemos clasificar os **recursos** que precisamos para desenvolver este proxecto en dous grandes grupos:

- ❑ **Recursos materiais:** Neste grupo incluímos todo equipamento dispoñible na actualidade, aquel que podemos solicitar para a renovación de aulas e espazos, todos os materiais adquiridos para a contribución ao cambio metodolóxico e a dotación orzamentaria asignada ao centro, así como as dotacións correspondentes aos plans de mellora da calidade e de innovación nos que contamos participar (Contratos-Programa, PLAMBE, Seccións Bilingües, Plans proxecta e Erasmus+). Consideramos que é precisa unha renovación dunha boa parte do material informático, así como os espazos comúns e exteriores que deben ser mellorados en funcionalidade e estética, seguindo os criterios da nova arquitectura pedagóxica.
- ❑ **Recursos humanos:** Ademais de todas as persoas que conforman directamente a comunidade educativa do noso centro, tamén debemos considerar o enriquecemento que aportan para un bo desenvolvemento deste proxecto: as persoas representantes das entidades locais e do Concello, os/as asesores/as do Centro de Formación e Recursos, os/as relatores/as do plan de formación, o/a inspector/a de educación, o profesorado dos centros cos que colaboraremos en proxectos europeos, a persoa auxiliar de conversa e o profesorado da iniciativa ARCO e PROA+. En todo caso é fundamental manter o cupo de profesorado que nos permita garantir uns ratios reducidos, os plans previstos e o ensino non formal.

No relativo á **organización do centro**, manterase toda a estrutura existente tratando de incidir na dinamización do funcionamento, así como na procura de mecanismos para conseguir unha maior participación e vinculación de todas as persoas que conforman cada grupo. Será necesario tamén crear comisións temporais para a análise e propostas de mellora en cada unha das liñas de actuación, priorizando neste caso a dispoñibilidade das persoas así como os seus coñecementos na materia. Procuraremos, polo tanto, que cada unha das decisións e avances que se produzan sexan froito da reflexión e traballo en equipo, de maneira que cada paso dado sexa en prol de conseguir a calidade e a equidade na formación integral do noso alumnado.

5. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROXECTO

No tocante ao seguimento e avaliación interna deste proxecto debemos ter moi en consideración os indicadores de logro de cada unha das actuacións, especificados nas táboas do apartado 3 deste documento, a través dos cales conseguiremos realizar un seguimento e avaliación continua da marcha do proxecto, pois achegan información verdadeiramente relevante para a valoración tanto cuantitativa coma cualitativa do grao de consecución dos obxectivos, e ademais permítennos readaptar en cada momento as accións en función das dificultades ou necesidades que vaian xurdindo.

Ao finalizar cada ano académico realizaremos un proceso de **autoavaliación interna** que se compartirá nos órganos de goberno do centro, que recollerá de forma **cuantitativa** o logro ou non dos indicadores establecidos nos plans de acción, así como unha valoración **cualitativa** dos seguintes ítems:

- Dinamización e impulso da participación nos diversos órganos do centro.
- Xestión dos recursos humanos e materiais.
- Organización de actividades extraescolares e complementarias.
- Atención ao alumnado e as súas familias.
- Desenvolvemento de programas e iniciativas de innovación e formación.
- Mellora na atención á diversidade.
- Impulso de medidas de igualdade e de non discriminación.

Por outra banda, tamén se levará a cabo unha avaliación externa polo servizo de inspección educativa a través do seguimento do funcionamento do centro e das accións desenvolvidas.